

Instrucións sobre a participación nas probas de acceso a cursos diferentes de 1º G.E. e 1º G. P. (convocatoria de setembro)

Curso 2020/21

Cada aspirante deberá presentarse no centro o día e na hora que se indica na convocatoria.

No momento do chamamento cada aspirante deberase identificar co seu DNI e amosar o resgardo da inscrición. Só haberá un chamamento, polo que de non estar considerárase ao aspirante coma non presentado. Recoméndase pois chegar coa debida antelación a cada unha das partes da proba.

Os aspirantes poderán acceder ao centro acompañados por unha única persoa.

O centro facilitaralles un espazo no que cada un deles poderá prepararse uns minutos antes da proba, e deixar as súas pertenzas mentres a realiza.

Tanto os aspirantes coma as persoas que os acompañen deberán cumprir as seguintes normas de seguridade:

- O uso de máscara será obrigado en todo momento, unicamente poderán retirala os aspirantes no momento en que vaian a realizar a parte instrumental da proba ou cando estean preparándose para ela.
- Deberase evitar o contacto físico entre as persoas e gardar unha distancia de 2 metros sempre que sexa posible.
- Nas entradas das aulas haberá xel desinfectante dispoñible para o uso por parte de todos os presentes. Os aspirantes deberán desinfectar as mans cando accedan á aula xusto antes de realizar cada parte da proba.
- Unha vez remate cada aspirante procederase a limpeza do atril e demais superficies coas que puidera entrar en contacto antes de continuar co seguinte aspirante.
- Para a realización do exercicio da parte B da proba (en función do curso: ditado e teoría de Linguaxe Musical, Novas Tecnoloxías, Harmonía, Análise e Historia da Música) cada aspirante debe traer consigo bolígrafo, lapis e goma.

Se os aspirantes ou as súas familias teñen dúbidas ou dificultades para seguir estas indicacións deberán informar ao centro ou ao tribunal correspondente antes da realización da proba.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2020.